

PRAZOS

As candidaturas poderán presentarse asinadas polo candidato ou candidata ou persoa que o propoña, na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo e Benestar, edificios administrativos de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela).

O prazo de presentación das solicitudes e dos proxectos remata o 15 de maio de 2015. Non obstante se o período de presentación resultara inferior a un mes, as solicitudes e os proxectos poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

As bases da convocatoria pódense consultar:

- na web www.cooperativasdegalicia.coop
- no **Diario Oficial de Galicia número 75, publicado o día 22 de abril de 2015.**

MÁIS INFORMACIÓN

www.cooperativasdegalicia.coop
Consello Galego de Cooperativas
881 999 268



www.cooperativasdegalicia.coop

CONCURSO INICIATIVAS COOPERATIVAS 2015



XUNTA DE GALICIA



A Consellería de Traballo e Benestar convoca estes premios coa finalidade de fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que os cooperativistas e outras institucións e persoas veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo na comunidade autónoma galega.

DESTINATARIOS

Poderán participar neste concurso as persoas físicas pertencentes a colectivos tales como:

- axentes de desenvolvemento local, de extensión pesqueira, de extensión agraria,
- técnicos e técnicas de emprego, de grupos de acción local, das oficinas de fomento cooperativo e da Rede Eusumo, das asociacións de cooperativas, das Consellerías do Medio Rural e do Mar e de Traballo e Benestar,
- orientadores e orientadoras educativos e laborais,
- persoas asesoras e consultoras de cooperativas.

Así mesmo, o concurso estará aberto a todas as persoas físicas impulsoras de proxectos empresariais cooperativos.

CONCURSO INICIATIVAS COOPERATIVAS 2015

PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS

Poderán presentarse proxectos individuais ou colectivos. Cada persoa poderá participar nun só proxecto individual e/ou nun só proxecto colectivo. A participación en máis dun proxecto unicamente será admisible cando sexan proxectos de diferente modalidade (individual e colectivo).

A solicitude de participación (Anexo I) xunto co proxecto presentaranse na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (Consellería de Traballo e Benestar, edificio administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela).

PREMIO

Premio á mellor iniciativa cooperativa, cunha dotación económica de 5 000 euros.

Será obrigatorio a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto; será preciso xuntar a documentación acreditativa que xustifique, como mínimo, a conformación do grupo promotor do proxecto, coa relación de nomes e apelidos e acta da súa primeira reunión.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa para o pagamento rematará o 30 de setembro de 2015.